



*RESOLUCIÓN do 7 de setembro de 2018, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se convoca o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Corme aprobado para o ano 2018.*

• **Antecedentes.**

1. A Orde de 22 de decembro de 2017, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2018 (DOG núm. 246, do 29 de decembro de 2017), aproba o plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Corme, e respecto a ampliación dite: *"cubriranse as vacantes producidas no proceso de renovación dos permisos de explotación para o 2018. Asemade, tamén se cubrirán as vacantes que se podan producir durante o ano 2018"*.

Finalizado o proceso de renovación da modalidade do recurso específico percebe do ano 2018, detectase o seguinte:

- A embarcación Dolores (3ª CO-4-1721) con 3 acreditacións de percebe, cambia de porto base a Sada.
- A embarcación Manolito (3ª VI-2-2255) con 2 acreditacións de percebe, cambia de porto base a Cedeira.
- A embarcación Erva (3ª VILL-2-4751) con 3 acreditacións de percebe, renuncia a modalidade no permiso de explotación.

Polo tanto quedan vacantes a cobertura de **3 embarcacións e 8 acreditacións**. En ningún caso admitirase a cobertura dunha soa habilitación por embarcación.

2. O 20 de xullo de 2018, a confraría de pescadores de Corme solicita o inicio do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade, de conformidade co aprobado no plan de xestión.

• **Consideracións legais e técnicas.**

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, entre outros requisitos no artigo 42.1 establece:

*"A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión.*

*No caso de que para a extracción de recursos específicos se empreguen técnicas de mergullo, será necesario que os mergulladores e as mergulladoras estean en posesión da titulación axeitada aos medios empregados. "*

2. O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer-la actividade pesqueira e marisqueira, entre outros requisitos no artigo 4º establece:





*"O permiso de explotación non poderá ser outorgado, revalidado nin transmitido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan sanción firme en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendente de pagamento."*

**3.** O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidas para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros requisitos establece:

En ningún caso, poderán exercer actividades de pesca as embarcacións que non dispoñan de medios mecánicos de propulsión (artigo 6.6).

- As embarcacións que poden optar a incorporar no seu permiso de explotación a modalidade de percebe deberán ter menos de 3 TRB ou menos de 2,6 GT (artigo 159).

**4.** A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia, na sección 1ª artigo 25.2 determina que:

*"Ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter as modalidades desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas."*

**5.** A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26-30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

**6.** Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos e que figura como anexo B desta resolución.

O catálogo de actividades formativas recoñecidas como mérito para o baremo de acceso ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións (Resolución do 14/09/2017 da D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro) pódense consultar na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

**7.** Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





De acordo con todo o anterior,

**RESOLVO:**

Convocar o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a tres (3) embarcacións e oito (8) acreditacións, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Corme, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 7 de setembro de 2018

A Coruña, 15 de setembro de 2017

P.D. de sinatura. Resolución de 20/11/2015

A Xefa de Servizo de Recursos Mariños

Mª Jose Cancelo Baquero





## **ANEXO A**

### **Bases da convocatoria.**

#### **1. Normas xerais.**

**1.1.** O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento da modalidade de percebe a tres (3) embarcacións e oito (8) acreditacións, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Corme.

#### **1.2. Requisitos das embarcacións.**

Para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación, consonte ao artigo 25 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Ter menos de cinco artes ou modalidades no seu permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas unha vez seleccionada a embarcación
- b) Ter menos de 3 TRB ou 2,6 GT para a modalidade do recursos específico percebe.
- c) Dispoñer de medios mecánicos de propulsión
- d) Que as persoas tripulantes estean en posesión dos certificados profesionais correspondentes.

Ademais, ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter as modalidades desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas.

#### **1.3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.**

As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial na Coruña nun prazo mínimo de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria do proceso selectivo no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web: <http://www.mar.xunta.gal>.





Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Corme.

As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial da Coruña e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

As solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) de acordo co establecido nos artigos 27 da lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015) utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes presentaranse nas oficinas do rexistro da Xunta de Galicia ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

A solicitude, asinada polo titular do permiso de explotación, deberá vir acompañada do orixinal ou copia compulsada ou cotexada da seguinte documentación:

**a) Para acreditar a personalidade para presentar a solicitude:**

**a.1)** No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

**a.2.)** No caso de cotitularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

**a.3)** No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

**b) Xustificante de ter aboado o pagamento da taxa correspondente.** Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.





**c) A persoa armadora deberá indicar na solicitude o número de tripulantes con certificación profesional que pretende enrolar.**

**d) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos** que se van a valorar de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Así,

**d.1) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación**

**i)** Indicar no seu caso, se o armador foi titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos nos 2 anos anteriores á convocatoria.

A información relativa a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

**ii)** No caso de que o/a solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación, estivese enrolado/a como percebeiro/a nunha embarcación incluída nun plan de xestión para o recursos específico de percebe nos 2 anos anteriores a convocatoria deberá presentar orixinal ou copia compulsada do rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nesta e da libreta de embarque.

**d.2) Habitualidade da actividade pesqueira da embarcación.**

**i)** Vendas na lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación

Para a valoración desta epígrafe bastará con presentar orixinal ou copia compulsada do rol de despachos da embarcación solicitante correspondente aos 2 anos anteriores á convocatoria coa tripulación enrolada nesta.

A información relativa ás vendas en lonxa ou centros de venda autorizado será a que conste en poder da Consellería do Mar.

**ii)** Período da actividade da embarcación (registro da actividade pesqueira)

A información respecto ao registro da actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.

**d.3) Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das entidades titulares do plan de xestión.**

A información respecto a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

**d.4) Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria.**

A información respecto a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.





**d.5) Formación da persoa armadora da embarcación**

i) Actividades de formación: Orixina ou copia cotexada das actividades formativas recoñecidas como mérito para acceder ás modalidades de recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades aprobado por Resolución do 30 de marzo de 2017 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Non se computarán aqueles cursos ou títulos profesionais necesarios para o exercicio da actividade: mariñeiro-pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a, certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

ii) Titulación académica: Orixinal ou copia cotexada do título. Só se valorará a titulación académica superior.

**d.6) Ter persoas enroladas do xénero feminino:** Orixinal/copia compulsada do despacho da embarcación co persoal que ten enrolado vixente na data de presentación de solicitudes correspondente aos 2 anos anteriores a convocatoria.

**e) Orixinal/copia compulsada da documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.**

**f) Orixinal/copia compulsada da folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria.**

**1.4. Emenda da solicitude.**

A xefatura territorial, como órganos responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobarán que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.

A notificación das emendas realizarase de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes da Consellería do Mar, así como no taboleiro de anuncios das entidades asociativas.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.





## **2. Proceso selectivo. Relación provisional e definitiva**

**2.1.** A xefatura territorial procederá á baremación das solicitudes e publicará, no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, unha relación provisional indicando a puntuación acadada por cada unha das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras. Así mesmo, nesta relación recolleranse as embarcacións e persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e da/s entidade/s.

O feito de figurar na relación de persoas e embarcacións seleccionadas non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada ou embarcación a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado nesta sección. Cando da documentación que deba presentarse no caso de ser seleccionado, se desprenda que non posúa algúns dos requisitos, a persoa interesada decaerá de todos os dereitos que podan derivar da súa participación no procedemento.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar ante a xefatura territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

**2.2.** Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, a xefatura territorial ditará a resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas. Dita resolución será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1.

Contra a resolución que aprobe a relación definitiva, que non esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día ao da súa publicación no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

## **3. Outorgamento da modalidade**

As persoas armadoras das embarcacións seleccionadas deberán presentar, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a seguinte documentación para obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.







b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.

c) No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

A xefatura territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade do recurso específico, conforme ao establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015.





## **ANEXO B**

RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos

Os permisos de explotación para a pesca profesional serán expedidos especificamente para artes ou zonas determinadas e, en función do estado dos recursos, poderanse outorgar cambios nas artes ou nas zonas incluídas nos permisos de explotación, atendendo a criterios de obxectividade, equidade e transparencia, de conformidade co establecido no artigo 18.bis da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, regula no seu capítulo IV o permiso de explotación para os recursos específicos condicionándoo á inscrición da persoa titular no plan de xestión específico.

O artigo 18.1 da Orde do 6 de abril de 2004, pola que se regulan os procedementos de expedicións, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcacións establece que, de conformidade co artigo 10 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, no permiso de explotación, no traslado, na transmisión e na renovación, se farán constar as modalidades e as artes de pesca autorizadas, así como a zona de pesca que virán limitadas en función do estado dos recursos. Esta mesma orde, así mesmo, condiciona a inclusión nos permisos de modalidades de extracción de recursos específicos á previa inscrición da embarcación e, de ser o caso, dos tripulantes habilitados, no plan de xestión específico.

A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na sección 1ª do capítulo III, define os requisitos e o procedemento para a obtención das modalidades de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

Así, o artigo 27, determina que a selección das solicitudes para obter as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación estará suxeita ao baremo establecido pola resolución da dirección xeral competente en materia de marisqueo. Dito baremo terá en conta cando menos os seguintes criterios: formación, experiencia profesional no sector, antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das entidade titular do plan de xestión, habitualidade da actividade pesqueira, número de artes ou modalidades no permiso e ter enroladas persoas do xénero feminino.





O artigo 39 da mesma norma establece, como novidade, que o incremento do número de cotas de captura nas embarcacións xa incluídas nun plan de xestión se realizará a través dun sistema de lista aberta no que a orde de prelación das embarcacións virá dada pola puntuación obtida tras a aplicación dun baremo. Dito baremo terá e conta, cando menos, méritos relativos a se a embarcación solicitante ten unha soa cota de captura no plan de xestión, experiencia profesional no sector e a habitualidade da actividade pesqueira.

As persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poden actualizar os méritos o que pode conlevar, trala aplicación do baremo, unha modificación da puntuación.

A Resolución do 9.10.2007, da Dirección Xeral de Recursos Mariños, establece o baremo a aplicar para o acceso ás modalidades de recursos específicos nas embarcación e para o incremento do número de cotas nas embarcacións xa incluídas nos plans de xestión.

Así pois, neste novo contexto normativo sumado á experiencia acumulada no proceso de valoración de solicitudes fai aconsellable mellorar o procedemento e adaptalo aos preceptos normativos así como que a valoración das actividades formativas sexa homoxénea e que as persoas interesadas coñezan de antemán cales son consideradas como méritos e a puntuación que lle corresponde. Por este motivo, recoñeceranse as actividades formativas consideradas como mérito para o baremo e desenvolverase un catálogo no que se inscribirán, e que será público.

O Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, atribúelle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro as competencias da ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos marisqueiros.

Así pois, de acordo con todo o anterior, trala consulta realizada co sector interesado,

#### RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o baremo, que figura como anexo I, que se aplicará para a valoración das solicitudes:

a) Obter as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación, no marco dun plan de xestión.

b) Elaborar as listas para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos así como para actualizar os méritos.





Segundo. Recoñecer as actividades formativas que serán consideradas como mérito no baremo para incluír as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións segundo o anexo II desta resolución.

Terceiro. Deixar sen efecto a Resolución do 9.12.2007, da Dirección Xeral de Recursos Mariños, pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos.

Os procesos selectivos iniciados con anterioridade á publicación desta resolución, rexeranse polo baremo aprobado pola Resolución do 9.12.2007, ata a súa resolución final.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2016.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





## ANEXO I

### **Baremo para a acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións así como para a elaborar e actualizar as listas para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos**

#### **A. Criterios xerais.**

1. O outorgamento da modalidade de recursos específicos farase en función da puntuación obtida tras aplicar o baremo previsto na epígrafe B deste anexo. O baremo aplicarase cando o número de solicitantes sexa superior ao de prazas ofertadas.

2. O incremento do número de cotas nas embarcacións xa incluídas nos plans de xestión realizarase de acordo coa orde de prelación das embarcacións na lista elaborada pola xefatura territorial para o recurso específico correspondente resultante da aplicación do baremo previsto na epígrafe C deste anexo.

3. Con carácter xeral, tanto para o outorgamento como para o incremento, o número de cotas asignadas ás embarcacións, estará en función das persoas que teñan enroladas, á vista do rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais de cada unha delas. En ningún caso, poderá superarse o número máximo de prazas autorizadas.

Considerarase que o rol de despachos está actualizado á data na que a xefatura territorial comunique o emprego da lista para o incremento de cotas nas embarcacións ou á data da convocatoria do proceso selectivo, segundo corresponda.

4. O outorgamento de prazas quedará limitado ao número máximo de tripulantes autorizados/as pola administración marítima.

5. Cando a embarcación sexa explotada por unha sociedade civil, mercantil ou conxuntamente por varias persoas armadoras, só poderá acreditar os méritos unha das persoas e que será a mesma para todos os aspectos do baremo.

6. Non se puntuarán os méritos de formación e experiencia profesional cando a persoa ou algunha das persoas seleccionadas sexan armadoras ou propietarias doutras embarcacións que xa posúen as modalidades de marisqueo con vara ou de recursos específicos no permiso de explotación.

7. No suposto de embarcacións incluídas nas listas para o incremento do número de cotas cuxo permiso de explotación foi transmitido a outra persoa armadora, actualizaranse os méritos para a nova persoa armadora no momento no que se autorice a transmisión do permiso de explotación.





8. En caso de empate na puntuación obtida, resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas por dita situación.

**B. Baremo para selección de embarcacións que acceden ás modalidades de recursos específicos.**

1. Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.

A puntuación máxima que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

a) Ter sido titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 1,5 puntos por ano completo.

Non se terá en conta este aspecto cando a perda do permiso de explotación fose como consecuencia de sanción en materia de protección dos recursos mariños ou incumprimento das prescricións ou requisitos establecidos no plan de xestión.

b) Ter estado enrolado/a como percebeiro/a (con acreditación) ou mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade do recurso específico do que se trate no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,13 puntos/mes completo sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade.

Non computará o período de tempo no que a persoa armadora estivese en situación de incapacidade temporal.

2. Habitualidade da actividade pesqueira.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

2.1 Vendas na lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación.

Cando nos dous anos anteriores á data da convocatoria, o volume de vendas da embarcación teña un importe superior ao salario mínimo interprofesional para cada tripulante: 2 puntos.

Para os efectos de computar as vendas descontaranse só os períodos de tempo nos que a embarcación estivo inactiva por causa de forza maior, e cando a/as persoa/s solicitante/s non fose armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación).





Para o cálculo do salario mínimo interprofesional terase en conta a información relativa ás vendas en lonxa ou centro de venda autorizado que conste en poder da consellería, así como o rol de despachos e dotación.

**2.2. Período de actividade da embarcación (registro da actividade pesqueira)**

Cando nos dous anos anteriores á convocatoria, a embarcación rexistrase actividade pesqueira e teña asociadas vendas en lonxa ou centro de venda autorizado:

- a) Por un período superior a 18 meses: 1 punto.
- b) Por un período comprendido entre 6 e 18 meses: 0,5 puntos.
- c) Por un período inferior a 6 meses: 0 puntos.

Non se terá en conta o período de tempo no que a/as persoa/s solicitante/s non fose armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación).

**3. Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das/s entidade/s titulares do plan de xestión.**

Cando a embarcación teña un porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión durante un período de 2 anos anteriores, inmediatamente anteriores, á data da convocatoria, e sempre que durante todo este tempo as persoas solicitantes fosen armadoras da embarcación: 3 puntos.

Non se exclúen do anterior, as persoas que, estando asociadas á entidade titular do plan de xestión, a súa embarcación ten un porto base fóra do ámbito territorial da confraría, de acordo coa disposición transitoria única da Orde do 28.6.2004, pola que se regula a autorización de establecemento e cambio de porto base de buques.

**4. Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria:**

- 1º 1 arte/modalidade: 3 puntos.
- 2º 2 artes/modalidades: 2 puntos.
- 3º 3 artes/modalidades: 1 puntos.
- 4º 4 artes/modalidades: 0,5 punto.





**5. Formación da persoa armadora da embarcación.**

A puntuación máxima total que poderá obter nesta epígrafe é de 3 puntos.

a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas).

1º Valoraranse as actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ás modalidades de recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas, de conformidade co establecido no anexo II.

2º Non se computarán as seguintes titulacións ou certificados profesionais: mariñeiro-pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a e certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

3º Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita acadar a maior puntuación.

b) Titulación académica.

1º Graduado/a en ESO ou equivalente: 0,15 puntos.

2º Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos.

3º Diplomatura universitaria ou equivalente: 0,35 puntos.

4º Licenciatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos.

Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Ademais, engadirase 1 punto máis á valoración obtida na titulación académica, cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regrada de acuicultura ou náutico-pesqueira, así como a formación non regrada, de patrón de pesca local, patrón costeiro polivalente e capitán de pesca.

**6. Ter persoas enroladas do xénero feminino.**

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 2 puntos.







Por ter enroladas persoas de xénero feminino na embarcación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,1 puntos/mes completo, sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas.

Non computará o período de tempo no que a persoa estivese en situación de incapacidade temporal.

**C. Baremo para elaborar as listas e actualizar dos méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos**

1. Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.

2. Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación:

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) ou mergulladora en embarcacións que contan coa modalidade do recurso específico do que se trate nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo.

3. Habitualidade da actividade pesqueira

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

a) Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.

b) Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.

c) Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos.

Para comprobar este aspecto considerarase a información relativa ás vendas realizadas e rexistros de actividade pesqueira que conste en poder da Consellería do Mar, así como o rol de despachos e tripulación.





Para os efectos de calcular as puntuacións e porcentaxes ás que se fai mención descontarase do período autorizado o tempo durante o que a embarcación permanecese inactiva por causa debidamente xustificada.





## ANEXO II

### **Recoñecemento das actividades formativas como mérito no baremo**

1. As actividades formativas (cursos, seminarios, xornadas ou asimiladas) que pretendan ser consideradas como mérito no baremo para obter a modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación, deberán ter contidos nas seguintes materias:

- a) Asociacionismo e fórmulas organizativas. Cooperativismo.
- b) Habilidades sociais.
- c) Habilidades de dirección e negociación. Xestión de organizacións. Responsabilidade social.
- d) Lexislación pesqueira, marisqueira e acuícola.
- e) Cultivos e xestión das especies de interese marisqueiro en Galicia.
- f) Comercialización de produtos pesqueiros.
- g) Informática para a xestión das organizacións.
- h) Manipulación de produtos pesqueiros frescos.
- i) Prevención de riscos laborais no sector pesqueiro e dos recursos específicos.
- j) Turismo mariñeiro.

As actividades formativas, segundo a forma de participación, poden ser presenciais, en rede (mediante ferramentas electrónicas) ou mixtas.

2. As actividades formativas recoñecidas como mérito poderán ser:

- a) As realizadas pola consellería competente en materia de marisqueo inscritas no catálogo de actividades formativas.
- b) As promovidas por outras entidades ou institucións, tanto públicas como privadas, sen ánimo de lucro, que sexan recoñecidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

As entidades privadas deberán ter entre os seus obxectivos específicos ou estatutarios á realización de actividades formativas, así como expresar que non teñen ánimo de lucro.





3. Requisitos para o recoñecemento das actividades formativas, pola consellería competente en materia de marisqueo:

a) A persoa ou entidade interesada no recoñecemento deberá achegar ante a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a documentación acreditativa de dita actividade. No caso de entidades a documentación incluírá unha memoria, informe ou programa de cada actividade, e no caso de persoas físicas será un certificado acreditativo de participación.

Poderán recoñecerse de oficio as actividades formativas realizadas polas administracións, entidades do sector público e corporacións de dereito público.

b) As actividades serán susceptibles de recoñecemento segundo estableza o servizo con competencias en ensinanzas marítimo-pesqueiras, que en calquera momento poderá solicitar á persoa interesada a información necesaria para avaliar a actividade que pretenda ser recoñecida.

c) As actividades de formación que pretendan ser recoñecidas deberán vir expresadas en horas e aquelas que teñan menos de oito horas non serán computables, nin poderán acumularse.

d) Nas actividades que se pretendan recoñecer, deberán realizarse controis de asistencia.

e) Non se recoñecerán como actividades formativas as accións conducentes á obtención dunha titulación académica.

f) Os certificados acreditativos da participación en actividades formativas constarán dos seguintes datos:

1º Institución ou entidade organizadora da actividade.

2º Nome e cargo de quen expide a certificación en representación da institución ou entidade organizadora.

3º Nome, apelidos e DNI da persoa á que se lle vai facer o certificado.

4º Denominación da actividade.

5º Lugar e datas de celebración.

6º Número de horas de duración.

7º Lugar e data de expedición do certificado.





8º Sinatura e selo.

Só se aceptarán os certificados que acrediten a superación íntegra da actividade. Non se aceptarán certificacións parciais.

4. Catálogo.

a) Todas as actividades formativas que se recoñezan como mérito no baremo para incluír as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación, inscribíranse nun catálogo.

b) O catálogo de actividades formativas dependerá da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e será responsable da súa levanza o servizo con atribucións en ensinanzas marítimo-pesqueiras.

c) O catálogo poderá ser consultado na páxina web <http://www.xunta.gal/mar>, e será actualizado cando se recoñezan novas actividades formativas.

